



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias xaneiro 2021**

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2021

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xaneiro do ano 2021 acadou a cifra de 992.338 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de decembro de 2020 de 9.823 afiliacións (-0,98%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.829.480, rexistrando unha baixada do 1,15% con respecto ao pasado mes de decembro.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2021 con xaneiro de 2020) obsérvase unha diminución de 14.168 afiliacións no total do sistema en Galicia (-1,41%) e unha diminución do 1,75% (335.014 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2020, rexístrase unha baixada das afiliacións en todas as comunidades autónomas, destacando Comunitat Valenciana, Castilla La Mancha, Extremadura e Canarias (con taxas inferiores ao -1,50%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en quince das dezasete comunidades autónomas. Os descenso máis acusados prodúcense en Canarias (-5,70%) e Illes Balears (-3,94%), mentres que Murcia e Castilla La Mancha ascenden, pero quedándose por debaixo do 0,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2021	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>18.829.480</b>	<b>-218.953</b>	<b>-1,15</b>	<b>-335.014</b>	<b>-1,75</b>
<b>Galicia</b>	<b>992.338</b>	<b>-9.823</b>	<b>-0,98</b>	<b>-14.168</b>	<b>-1,41</b>
Andalucía	3.099.107	-25.247	-0,81	-36.117	-1,15
Aragón	560.655	-4.910	-0,87	-12.007	-2,10
Asturias	356.025	-4.423	-1,23	-6.628	-1,83
Illes Balears	412.115	-5.427	-1,30	-16.898	-3,94
Canarias	769.335	-12.349	-1,58	-46.465	-5,70
Cantabria	212.769	-2.601	-1,21	-2.587	-1,20
Castilla La Mancha	705.213	-12.686	-1,77	1.828	0,26
Castilla y León	895.910	-12.058	-1,33	-15.845	-1,74
Cataluña	3.346.891	-36.770	-1,09	-72.759	-2,13
Comunitat Valenciana	1.899.668	-35.468	-1,83	-18.138	-0,95
Extremadura	385.430	-6.251	-1,60	-1.490	-0,39
Madrid	3.198.351	-32.423	-1,00	-70.089	-2,14
Murcia	587.684	-5.648	-0,95	2.233	0,38
Navarra	284.423	-2.677	-0,93	-2.506	-0,87
País Vasco	950.884	-8.248	-0,86	-19.087	-1,97
La Rioja	127.341	-1.123	-0,87	-2.182	-1,68
Ceuta e Melilla	45.343	-821	-1,78	-2.110	-4,45

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones dende o informe de decembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Ourense é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -1,77%, o que supón 1.799 afiliacións menos, seguida de Lugo (-1,74%), A Coruña (-1,63%) e, por último, Pontevedra (-0,91%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro de 2020, rexistrouse en Galicia unha baixada do 0,98%. Todas as provincias amosan datos negativos, sendo Lugo a que máis decrece (-1,16%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2021	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	424.970	-3.825	-0,89	-7.062	-1,63
LUGO	118.762	-1.396	-1,16	-2.098	-1,74
OURENSE	100.061	-799	-0,79	-1.799	-1,77
PONTEVEDRA	348.545	-3.804	-1,08	-3.209	-0,91
<b>GALICIA</b>	<b>992.338</b>	<b>-9.823</b>	<b>-0,98</b>	<b>-14.168</b>	<b>-1,41</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>18.829.480</b>	<b>-218.953</b>	<b>-1,15</b>	<b>-335.014</b>	<b>-1,75</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,2% das afiliacións galegas en xaneiro de 2021, diminuíron un 1,05% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 1,57%. En España estas taxas foron do -1,29% con respecto a decembro de 2020 e do -2,13% en relación ao mes de xaneiro de 2020. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,0%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas, menos Pontevedra, amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega sitúase no -0,45%. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2020, baixan todas as provincias, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,40%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual (0,17%) e unha baixada intermensual (-0,45%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xaneiro de 2020, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a caída que se produce en A Coruña (-5,65%). A taxa galega acaba entón o -5,03%, sendo inferior á de España (-4,53%). Con respecto a decembro de 2020, atopamos taxas negativas en todas as provincias, a menor delas en A Coruña (-8,24%). A taxa galega amosa así unha diminución do 4,38% con respecto a decembro de 2020. A taxa nacional é do -2,61%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XANEIRO 2021	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	424.970	-0,89	-1,63
LUGO	118.762	-1,16	-1,74
OURENSE	100.061	-0,79	-1,77
PONTEVEDRA	348.545	-1,08	-0,91
GALICIA	992.338	-0,98	-1,41
ESPAÑA	18.829.480	-1,15	-1,75
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	335.470	-0,88	-1,85
LUGO	84.325	-1,42	-1,83
OURENSE	76.825	-0,93	-2,08
PONTEVEDRA	269.266	-1,16	-0,99
GALICIA	765.886	-1,05	-1,57
ESPAÑA	15.513.431	-1,29	-2,13
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	84.149	-0,41	-0,50
LUGO	32.961	-0,49	-1,54
OURENSE	23.236	-0,33	-0,71
PONTEVEDRA	66.673	-0,37	0,26
GALICIA	207.020	-0,40	-0,45
ESPAÑA	3.256.740	-0,45	0,17
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.351	-8,24	-5,65
LUGO	1.475	-1,50	-0,89
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.606	-2,98	-5,22
GALICIA	19.432	-4,38	-5,03
ESPAÑA	58.215	-2,61	-4,53

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de xaneiro en Galicia, había 31.308 que se atopaban protexidos por algún tipo de ERTE (de forza maior, non de forza maior ou RDL 30/2021), 133.730 menos fronte ao máximo notificado, rexistrado o 30 de abril de 2020 (-81,03%). No total de España, o número de afectados por un ERTE no último día de xaneiro é de 738.969, producíndose unha saída de 2.647.816 respecto ao peche de abril do ano pasado (-78,18%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS			
CCAA	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE XANEIRO 2020	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>738.969</b>	<b>-2.647.816</b>	<b>-78,18</b>
<b>Galicia</b>	<b>31.308</b>	<b>-133.730</b>	<b>-81,03</b>
Andalucía	98.821	-378.571	-79,30
Aragón	15.428	-71.558	-82,26
Asturias	14.318	-44.903	-75,82
Illes Balears	35.156	-106.458	-75,17
Canarias	84.403	-147.134	-63,55
Cantabria	8.071	-27.476	-77,29
Castilla La Mancha	17.743	-81.599	-82,14
Castilla y León	29.151	-116.354	-79,97
Cataluña	171.139	-507.545	-74,78
Comunitat Valenciana	53.411	-296.223	-84,72
Extremadura	7.363	-32.526	-81,54
Madrid	115.201	-451.106	-79,66
Murcia	12.281	-67.405	-84,59
Navarra	7.137	-42.620	-85,66
País Vasco	32.475	-120.397	-78,76
La Rioja	3.962	-17.656	-81,67
Ceuta e Melilla	1.601	-4.555	-73,99

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada dende máximos ten lugar en Ourense (-83,13%) con 14.759 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE. GALICIA E PROVINCIAS			
PROVINCIAS	NOTIFICADOS A ÚLTIMO DÍA DE XANEIRO 2020	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	13.419	-56.111	-80,70
LUGO	3.081	-12.901	-80,72
OURENSE	2.996	-14.759	-83,13
PONTEVEDRA	11.812	-49.959	-80,88
<b>GALICIA</b>	<b>31.308</b>	<b>-133.730</b>	<b>-81,03</b>

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>